

## **APROBACIÓN PROVISIONAL DA ORDENANZA FISCAL XERAL NÚM. 44 REGULADORA DAS CONTRIBUCIÓNES ESPECIAIS PARA A AMPLIACIÓN DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS (EXPEDIENTE CIVIDAS 2022034233)**

### **Anuncio aprobación provisional**

O Pleno do Concello de Ferrol, en sesión celebrada o día 29.09.2022, en cumprimento do disposto nos artigos 15.1 e 34.1 e 3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLFL, en adiante), aprobou provisionalmente a Ordenanza Fiscal Xeral núm. 44 reguladora das contribucións especiais para a ampliación do servizo de extinción de incendios do Concello de Ferrol, cuxa Ordenanza figura como Anexo de dito acordo.

En consecuencia, de conformidade co establecido nos artigos 70.2 e 107 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como no artigo 17 do TRLFL, sométese o presente acordo provisional, así como o texto da Ordenanza fiscal anexa ao mesmo, a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días hábiles no Taboleiro de Edictos e na Sede Electrónica do Concello de Ferrol, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña así como nun dos diarios de maior difusión da provincia. O prazo citado comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a última das devanditas publicacións.

Durante este prazo poderán consultar o expediente e presentarse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, entendéndose definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo expreso polo Pleno do Concello no suposto de que, no prazo sinalado, non se tivera producido ningunha reclamación ou suxestión.

O acordo definitivo de aprobación da Ordenanza Fiscal Xeral núm. 44 reguladora das contribucións especiais para a ampliación do servizo de extinción de incendios do Concello de Ferrol e o seu texto íntegro deberán ser publicados no Boletín Oficial da Provincia, producindo efectos o día seguinte ao da súa publicación e permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Ferrol, na data da sinatura dixital

A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi por delegación da Alcaldía de 08/07/2019 (BOP nº 137 de 22/07/2019)